



VII CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS DA USC


RELACIÓN DE GAÑADORES

Patrocinan




VII CONCURSO DE IDEAS EMPRESARIAIS INNOVADORAS DA USC (2006)


ESTATÍSTICAS



CONCURSO DE IDEAS 2006
Áreas de Coñecemento



CONCURSO DE IDEAS 2006
Facultades máis representadas



Apellidos	Varela Villaverde
Nome	Jesús Ángel
Estudos	Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial
Universidade	Vigo
Titulo Idea	Sistema de Supervisión en Contedores Frigoríficos Thermoking

Breve Descripción Trátase dun sistema que mediante un módulo electrónico monitoriza constantemente o estado do sistema de control dos remolques frigoríficos equipados cunha unidade frigorífica Thermoking. O módulo no remolque vai conectado mediante GSM/GPRS a un ordenador onde descarga periodicamente os rexistros de temperaturas e estado do equipo de frío. Así mesmo é capaz de avisar de calquera anomalía tan pronto coma esta se produza mediante unha ou varias mensaxes aos teléfonos que se lle programen. Ao mesmo tempo aparecerá un aviso no ordenador ao que estea conectado. Cando se produza unha avaría no equipo de frío, será posible facer un diagnóstico a distancia desde o ordenador ao que está conectado. Con este sistema aforrariáase cantidade de cartos xa que as avarías poderíanse solucionar nun tempo récord ademais de aforrar o desprazamento do técnico para diagnosticalas, desta maneira evitariáanse moitas perdas de mercadoría por fallo do equipo refrixerante.

Carácter Innovador Non existe no mercado ningún sistema que teña estas funcionalidades. Ademais o equipo vai conectado directamente coa centraliña que xestiona o refrixerador tomando os datos de primeira man e permitindo o control remoto da centraliña dun camión desde calquera punto do mundo.

Apellidos	Otero Bravo
Nome	Víctor
Estudos	Escola Politécnica Superior
Universidade	Santiago de Compostela (Campus de Lugo)
Título Idea	Creación de Teitos Vexetais

Breve Descripción Consiste na creación de teitos verdes. O teito é unha das partes máis esquecidas do deseño arquitectónico, o seu deseño límitase a que cumpra adecuadamente as súas funcións e a solución dos problemas técnicos que a súa construción poida implicar. Pero un teito pode aportar moito máis, tanto desde o punto de vista estético, como desde o punto de vista técnico, e incluso turístico, xerando interesantes espazos habitables. Os teitos verdes ou vexetais son aqueles que conteñen elementos vexetais vivos como parte integral do sistema total do teito. Os beneficios que pode aportar a súa construción son:

- Posibilidade de disfrutar dun espazo verde dentro dun entorno urbano, reducindo as superficies pavimentadas.
- Mellora a calidade do aire, producindo O₂ e reducindo os niveis de CO₂.
- Mellora o illamento térmico do edificio, reducindo as variacións de temperatura do ciclo día-noite, co conseguinte aforro de enerxía.
- Retarda a velocidade do escorremento da auga da chuvia, aliviando o sistema de desaugadoiro aos sumidoiros, evitando inundacións.
- Incrementa o valor inmobiliario
- Crea oportunidades laborais no campo da investigación, deseño, construción e saúde
- Reduce a entrada de son do exterior.
- A longo prazo, supón unha diminución dos custes respecto a un teito tradicional.

Carácter Innovador Non hai ningunha empresa que se dedique a este tipo de proxectos en Galicia.

O concepto de teitos verdes xa esta establecido e desenvolvido en algúns países como Suíza, Inglaterra ou Alemaña, etc..., Neste último país, por lei as novas construcións industriais deben ter xardín nos seus teitos. É unha cuestión de tempo que esta iniciativa chegue ao noso país.

Apelidos	Vázquez Tasende / Tasende Souto / Sáez Iglesias
Nome	Noelia / Romina / Vanesa
Estudos	Facultade de Ciencias da Comunicación
Universidade	Santiago de Compostela (Campus de Santiago de Compostela)
Título Idea	CompostelaTV.es

Breve Descrición Trátase dunha televisión on line (<http://www.compostelav.es>) en lingua galega, que contaría cunha versión en castelán e varias opcións de visionado dirixidas a persoas con minusvalías visuais e auditivas, co gallo de eliminar barreiras comunicativas. O financiamento desta televisión levaríase a cabo principalmente a través de publicidade en diversos formatos (banners, publireportaxes...)

Esta televisión tería diversos contidos, principalmente de tipo turístico e cultural (reportaxes a modo de percorridos visuais por Santiago de Compostela e o seu contorno, axenda cultural en formato reportaxeado...), aínda que contaría tamén cunha sección na que os alumnos de Xornalismo e Comunicación Audiovisual da USC poderían colaborar cos seus traballos audiovisuais. Outro dos contidos desta televisión sería a publicidade, xunto cunha serie de ficción da que se emitiría o primeiro capítulo e o público sería quen continuase a serie, enviando as súas propostas que serían publicadas na web para que os internautas votasen a súa favorita.

Carácter Innovador Non hai ningunha televisión on line no ámbito de Compostela, e no ámbito galego soamente a TVG emite parte da súa programación a través da web. Ademais cómpre salientar a súa función social debido ao seu afán pola eliminación de barreiras comunicativas, ao contar con versións adaptadas ao público con deficiencias visuais: unha versión en formato só de audio (e ampliada con descrições por parte dun locutor para persoas con cegueira) e outra cunha ferramenta que permitiría ampliar as dimensións da imaxe en pantalla e auditivas, cunha versión subtitulada na que se pode elixir o idioma (galego ou castelán).

Apellidos	Balseiro Vigo
Nome	Pablo
Estudos	Facultade de Bioloxía
Universidade	Santiago de Compostela (campus de Santiago de Compostela)
Título Idea	Emprego de marcadores de ADN para autenticación e caracterización microbiolóxica de especies mariñas de interese alimentario: polbo e algas mariñas.

Breve Descrición Neste proxecto preténdese por a disposición dos consumidores un servizo de autenticación de especies mariñas, tanto de recoñecido prestixio na gastronomía galega, como é o caso do polbo común, *Octopus vulgaris*, como das algas mariñas comestibles *Himanthalia elongata*, *Laminaria saccharina*, *Laminaria ochroleuca*, *Undaria pinnatifida*, *Porphyra umbilicalis*, *Palmaria palmata* e *Chondrus crispus*, posible recurso futuro da acuicultura galega.

O servizo de autenticación estará baseado na técnica de RFLP sobre marcadores moleculares que presentan unha grande variabilidade entre especies próximas (ITS, NTS e microsatélites). O emprego destes marcadores permitirá protexer aos consumidores de posibles fraudes pola substitución destas especies por especies de menor valor.

Tamén se pretende caracterizar a microbiota acompañante destas especies, particularmente dos organismos susceptibles de ser patóxenos para o home, coma un primeiro paso para a busca de posibles transformacións destes produtos que garantan unha boa salubridade dos mesmos, afectando o mínimo posible ás súas propiedades organolépticas. O emprego de técnicas de bioloxía molecular para a detección destas bacterias podería ser empregada para trazar a súa presenza pasada no alimento, no caso de que as mesmas puideran liberar toxinas causantes de enfermidade antes de ser eliminadas por métodos de desinfección industrial.

Carácter Innovador A busca de marcadores moleculares para a diferenciación de especies e variedades podería xerar un novo servizo ofertado aos produtores, restauradores, consumidores e administración, que contribuiría a mellorar a confianza no produto. Este servizo tamén podería garantir unha maior información no etiquetado do produto.

Os marcadores moleculares non son outra cousa que rexións do xenoma dun organismo que permiten a diferenciación doutros organismos relacionados. O coñecemento dos marcadores moleculares vén impelido polo campo da bioloxía forense, no que se empregan para diferenciar persoas en ocasións parentes. O emprego de marcadores moleculares baseados en rexións non codificantes de ADN para autenticación ten varias vantaxes. O ADN é o mesmo en tódolos tecidos dun organismo. Ademais é unha molécula estable, non se ve afectada polo procesado do alimento. Estas rexións, ao non codificaren en proteínas, permiten a adquisición dunha maior cantidade de variacións durante o transcurso da evolución. Esta variación permite a diferenciación de estirpes próximas,

como pode ser o caso dos microsátélites no polbo, ou a ITS en *Porphyra tenera*, *Laminaria* spp., de especies de ameixas ou plantas terrestres.

Traballos precedentes empregando ADN para a autenticación de cefalópodos de diversas partes do planeta, incluíndo polbo, baseáronse no ADN mitocondrial, nos xenes 16S e Citocromo b determinando a secuenciación coma o método máis fiable. O emprego de rexións non codificantes, permitirá detectar unha maior variación e podería permitir a diferenciación das especies mediante RFLP, técnica moito máis sinxela e barata.

Na segunda parte do proxecto queremos tipar a microbiota acompañante destas especies, xa que poderíanse atopar especies causantes de enfermidades no home. Estas enfermidades son producidas principalmente por toxinas, virus, bacterias e parasitos, sendo as bacterias as máis importantes na nosa latitude.

Unha circunstancia a ter en conta é que as bacterias poden multiplicarse no alimento, e que en ocasións, aínda que sexan retiradas do mesmo por un proceso de desinfección, as toxinas liberadas no alimento podan ser causa da enfermidade.

As bacterias presentes poden ter dúas orixes, o propio medio acuático ou as procedentes de contaminacións. Nesta liña son de gran importancia o botulismo, a listeriose ou mesmo o cólera. O emprego das técnicas de diagnose bacteriana recollidas na lexislación, permitirá coñecer a microbiota asociada a estes organismos en Galicia ao longo do ano, facilitando a súa eliminación en posibles procesados industriais posteriores. Ademais, mediante o emprego de marcadores atopados, poderase dispor dun sistema rápido de detección da bacteria tanto viva coma morta, no caso de que a mesma poida liberar toxinas e poida ser causa de enfermidade.